

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
López Riveiro, Fernando
Martínez Martín, M^a José
Pena Uris, Gloria M.
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Mejuto Fernández, Juan Carlos

DESCULPA ASISTENCIA

Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Zas Varela, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 8 de febreiro de dous mil dezaoto, convocada para as 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na salas de videoconferencia de:

- Vigo: Local UVigoTV, Praza Miralles, Local A3A
- Ourense: Servizos Centrais Multimedia. Biblioteca Central, Segunda planta
- Pontevedra: Servizos Centrais Multimedia, Facultade de Ciencias Sociais, 1º planta, Seminario 5

O día **22 de marzo de 2018** ás 10:10 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2018.
2. Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións a Reitor e a membros do Claustro Universitario e proclamación definitiva de candidatos e candidatas.
3. Declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o número de postos a cubrir (artigo 20 do Procedemento de eleccións de membros do Claustro).
4. Determinar, á vista do número de electores e electoras, o número e a colocación das mesas electorais (artigo 23 do “Procedemento para a elección dos membros do Claustro Universitario” e artigo 18 do “Procedemento para a elección de Reitor/a”).
5. Adopción, se procede, do acordo de dar instrucións aos presidentes e presidentas das mesas electorais sobre as urnas e o escrutinio.
6. Delegación, se procede, na secretaria da Comisión Electoral do nomeamento de interventores e interventoras.
7. Delegación, se procede, na secretaria da Comisión Electoral a proclamación provisional de candidatos electos nas eleccións a Reitor e de membros do Claustro Universitario.
8. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento para a elección de membros de consello de campus.
9. Aprobación, se procede, do modelo de papeleta de votación para a elección de reitor.
10. Asuntos varios.
11. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2018.

Retírase este punto da orde do día por non terse achegado a acta xunto coa documentación da convocatoria, e posponse á súa aprobación á próxima reunión da comisión

Punto 2.- Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións a Reitor e a membros do Claustro Universitario e proclamación definitiva de candidatos e candidatas.

Explica o presidente que xunto coa convocatoria foi achegado un documento no que se resumen as reclamacións presentadas nos tres sectores, xunto coa proposta de resolución. A secretaria comenta que onte foi remitida unha corrección da documentación, na que se incorporaron reclamacións que chegaron fóra de prazo a Secretaría Xeral, a pesar de que tiñan sido presentadas en prazo, polo que teñen que ser consideradas.

O presidente engade que hoxe pola mañá foi recibida unha reclamación que non foi posible enviala aos membros da comisión, polo que o presidente dá lectura da mesma. O profesor Jose Antonio Fraiz solicita a retirada da súa candidatura por motivos persoais. Explica o presidente que habendo sido presentada fóra de prazo, debe ser desestimada.

A secretaria dá lectura a aquelas reclamacións que se propoñen rexeitar, explicando os motivos que o xustifican.

Federico Fernández pregunta pola necesidade de que o DNI estea en vigor, motivo de rexeitar unha das candidaturas. Explica a secretaria que se presentaron varios casos, pero que todos emendaron a deficiencia en prazo, excepto un estudante. Comenta o presidente que esas casuísticas poden ser consideradas para posteriores modificacións do procedemento electoral.

Apróbase a proposta de resolución das reclamacións formuladas, segundo o anexo a esta acta (**Anexo I**), e consecuentemente, a elevación a definitivas das candidaturas a representantes no Claustro Universitario, presentadas nas distintas circunscricións nos sectores de profesorado doutor con vinculación permanente, Outro persoal docente e investigador, estudantes e PAS.

En canto ás candidaturas á reitor, o vicerreitor indica que finalizado o prazo correspondente non se presentaron reclamacións, polo que se procede á proclamación definitiva das candidaturas de Emilio M. Fernández Suárez e Manuel Joaquín Reigosa Roger.

Punto 3.- Declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o número de postos a cubrir (artigo 20 do Procedemento de eleccións de membros do Claustro).

O presidente explica que se achegou coa convocatoria unha serie de táboas nas que se recollen por cada centro o número de representantes que corresponden e o número de candidaturas presentadas, coa indicación de se deben realizarse eleccións ou non. A secretaria da lectura aos centros nos que sí deberanse celebrar os comicios.

Estudantes: Eleccións na Facultade de Ciencias, Fac. de Historia e Fac. CC Educación, en Ourense; Esc. Enxeñaría de Minas e Enerxía, Fac. Ciencias do Mar e Escola de Enxeñaría Industrial, en Vigo.

PDI A: Facultade de Dereito, Fac. de Empresariais e Turismo e Fac. de Ciencias da Educación, en Ourense; CC sociais e da Comunicación, en Pontevedra e F. Bioloxía, Enxeñaría de Telecomunicacións, Escola de Minas e Enerxía e Facultade de Ciencias do Mar, no Campus de Vigo

PDI B: Agrupacións: Historia+Fac.CC Educación; Belas Artes, CC Educación e deporte; Fac. de Ciencias Sociais e da Comunicación, Escola de Enxeñaría Forestal e Fac. de Fisioterapia, en Pontevedra; Facultade de Filoloxía e Traducións, Facultade de CC. Económicas e Empresariais, Facultade de Ciencias Xurídicas e do traballo, Escola Universitaria de Estudos Empresariais; Escola de Enxeñaría Industrial; Escola de Enxeñaría Telecomunicacións e Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, en Vigo

Acórdase declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións que non se indicaron, nas que non é preciso facer eleccións.

Punto 4.- Determinar, á vista do número de electores e electoras, o número e a colocación das mesas electorais (artigo 23 do “Procedemento para a elección dos membros do Claustro Universitario” e artigo 18 do “Procedemento para a elección de Reitor/a”).

Indica o presidente que, para poder garantir o dereito a voto de toda a comunidade empregando recursos razoables, se realiza unha proposta de distribución de mesas que foi achegada xunto coa convocatoria. Están distribuídas por campus, especificándose o tipo de elección e os electores que deben votar en cada unha delas. Destaca a secretaria da Comisión que debe facerse unha corrección, xa que na mesa 304 do Campus de Vigo, correspondente á EEI sede campus, é necesario eliminar como electores ao PDI-A, xa que trala presentación da renuncia de dous candidatos, o número de candidaturas coincide coa de postos, polo que non é preciso realizar eleccións.

Apróbase o número e colocación das mesas.

Punto 5.- Adopción, se procede, do acordo de dar instrucións aos presidentes e presidentas das mesas electorais sobre as urnas e o escrutinio.

Explica o presidente que o a proposta de escrito que será remitido ás persoas que ocupen a presidencia das mesas, segue as mesmas liñas que en casos anteriores.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Delegación, se procede, na secretaria da Comisión Electoral do nomeamento de interventores e interventoras.

Explica o presidente que se non existen dificultades, o nomeamento será realizado pola secretaria da Comisión. No caso de que existira algún problema, convocaríase a Comisión Electoral.

Punto 7. Delegación, se procede, na secretaria da Comisión Electoral a proclamación provisional de candidatos electos nas eleccións a Reitor e de membros do Claustro Universitario.

Lembra o presidente que tralo escrutinio, o día 24 se procederá á proclamación provisional de candidatos electos, tras do cal ábrese un período ata o día 26 para a reclamación dos resultados. Para a proclamación definitiva de candidatos electos, si que deberá reunirse a Comisión Electoral. Polo tanto, reitera o presidente, o que se delega na secretaría da Comisión é o paso intermedio e, de xurdir calquera problema, habería que convocar a Comisión.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento para a elección de membros de consello de campus.

Cede a palabra o presidente á secretaria, quen explica que, ademais de pequenas modificacións de forma, a principal corrección fai referencia ao proceso de elección dos membros, xa que no anterior regulamento, se recollía a realización dun proceso electoral específico para os consellos de campus (censos, votacións, etc.) a pesar de que os membros son claustrais. na modificación proposta, a elección realízase no Claustro, ao igual que se fai no resto das comisións delegadas.

Apróbase por asentimento (**Anexo II**).

Punto 9. Aprobación, se procede, do modelo de papeleta de votación para a elección de reitor.

O presidente indica que as papeletas son específicas para cada candidato e para cada sector, con distintas cores, xa que se vota na mesma urna e así facilitar o retraso.

Explica a secretaria que se trae para valorar se, sendo xa de cores diferentes, é necesario indicar o sector na propia papeleta. O presidente indica que o non poñelo non supón un aforro das impresións, polo que se optou pola redundancia.

Apróbase por asentimento (**Anexo III**).

Punto 10. Asuntos varios.

O presidente presenta o documento que foi elaborado cunhas normas para o desenvolvemento da campaña electoral a reitor, para ser enviado aos candidatos, onde se recolle o que xa se fixo en campañas anteriores, pero de xeito ordenado en relación coa campaña. Nel se indican os medios que a Universidade pon á disposición dos candidatos, así como o procedemento para facer uso deles. Non foi posible compartilo cos membros da Comisión, porque algúns dos datos que nel figuran concretáronse esta mañá, polo que se dá lectura ao mesmo.

Do contido do texto abórdase de xeito específico:

- A utilización de listas moderadas na campaña electoral, no que se modifica o texto da proposta, deixando á comisión electoral no papel de resolución de conflitos no uso das listas:

“A cada candidatura daráselle acceso moderado ás listas de distribución de correo electrónico. Ante calquera situación de conflito, poderá interpoñerse reclamación ante a Comisión Electoral que garantirá unha resposta igualitaria a todas as candidaturas”.

- En relación cos espazos postos ao dispor dos candidatos, comenta o presidente que se dispoñen de dous locais, B4C e B1A, pero con bastante diferenzas de dimensións. Como non é posible amosar as imaxes aos membros da comisión, a secretaria da Comisión dá lectura á descrición dos mesmos. Resalta que, a pesar das diferenzas de tamaño entre ambos locais, estarán dotados do mesmo mobiliario, e disporán de igual dotación de comunicacións. Federico Fernández pregunta se disporán dalgún local en Ourense, e se eles fixeron o pedimento dalgún tipo de apoio. Responde o presidente á primeira das cuestións, indicando que os locais non están previstos para a realización de actividades da campaña, senón como sede das candidaturas, polo que só se ofrece o de Vigo. En canto a segunda pregunta, responde a secretaria indicando que os candidatos non fixeron ningunha solicitude, nin a nosa normativa o recolle de xeito expreso, pero se viña acordando na Comisión Electoral. Explica que ese é o motivo de telo recollido nunhas normas, para que quede explícito sen ter que acudir ás actas da Comisión, sendo o habitual nas universidades.
- Engade a secretaria que, constando a nosa Universidade de tres campus moi separados entre si, ofrécese ás candidaturas un vehículo oficial con chofer, se así o solicitan, que sería xestionado dende a Xerencia. Destaca que esta dispoñibilidade está recollida nas actas da Comisión do ano 2010, pero segundo lle consta, non chegou a ser empregado polos candidatos.
- Explica o presidente a proposta de financiamento da Universidade para que cada candidatura poda levar a cabo os actos de campaña que estime oportuno, dentro das liñas que se especifican no texto e que se recollen da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral.

Federico Fernández pregunta polo período no que se poderían computar as facturas, xa que noutros casos houbera algún problema. Explica a secretaria que a xestión se realizaría a través da aplicación habitual e que, en lugar de especificar con detalle nas normas como se deberá realizar dita xestión, optouse por indicar aos candidatos que se dirixan á Xerencia para dita xestión.

A continuación, o presidente expón que nas eleccións de 2010 se puxo a disposición dos candidatos un total de 6000 €, na de 2014 non houbo dotación, xa que o único candidato renunciou á mesma. Indica o presidente que, por se a Comisión considera oportuno incrementar dita contía, a Xerencia fixo unha retención de crédito de 10000 € por candidatura.

Prodúcese un intercambio de opinións, nos que, en xeral, se considera que 6000 € parecen suficientes. No sentido de non incrementar, ou mesmo reducir a asignación, apúntase que noutros órganos reduciuse o financiamento para as eleccións con respecto ao percibido en anos anteriores; tamén se indica que, ao non ter que abordar o pago de aluguer do local, os conceptos son reducidos; e, finalmente, que comparado co financiamento dalgúns proxectos de investigación, parecen cantidades moi elevadas. Pola contra, ponse de manifesto que a “Compensación económica a quen preste os seus servizos ás candidaturas”, ou a gravación de vídeos poden supoñer custos moi elevados, polo que non parece acaído diminuír o financiamento que se ofrecera xa no 2010.

Despois de ponderar todos os argumentos, acórdase manter a proposta de financiamento de 6000 € por candidatura, na liña de contención seguida por outras actuacións da Universidade nestes anos.

Apróbase tamén o documento de Normas para a realización da campaña electoral (**Anexo IV**).

- Realízase o sorteo para a asignación dos locais entre as dúas candidaturas, correspondendo a

Manuel J. Reigoda Roger o despacho B1A

Emilio M. Fernández Suárez o despacho B4C

- Noutra orde de cousas, a secretaria da Comisión informa que se está a realizar unha web para o seguimento do escrutinio en tempo real na elección a reitor e para a elección da cor representativa de cada candidatura, acordouse coa presidencia da Comisión enviarlles unha carta aos candidatos solicitándolles que nos envíen dúas cores da súa elección, definidos en base aos parámetros RGB. No caso de coincidir na primeira de elas, sortearíase ese e a o outro candidato se lle asignaría a segunda cor. Solicítase que este sorteo si que se delegue na Secretaría.

Punto 11. Rogos e preguntas.

Federico Fernández subliña que nas papeletas da elección a reitor debería aparecer o nome completo de ambos candidatos, tal como aparece no DNI. Tómase nota para a súa verificación.

Solicita que se especifique que nas actas de reconto se escriban os resultados dos mesmos con claridade, empregando tanto a expresión numérica como en letras, para evitar confusións. Acórdase engadir esta solicitude no texto de instrucións á presidencia das mesas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:10 h do día 22 de marzo de 2018, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M^a Pena Uris